



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 8 DE

### OUTUBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas e quince minutos do día oito de outubro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, dona Marta María Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona María Angeles Gutiérrez Sánchez.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de outubro de 2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, acorda deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de outubro de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Escrito de don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada con data do día 6 de outubro de 2012 co número 14.013, no que comunica que estará ausente do termo municipal dende o día 6 ata o 14 de outubro, ambos os dous incluídos.

- Escrito da Dirección Xeral de Mobilidade, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistrado de entrada con data do día 1 de outubro de 2012 co número 13.581, no que comunica que en relación ao servizo de interese municipal prestado neste

concello (Cambre-Andeiro, Cambre-polígono Espirito Santo e Cambre-Meixigo) pola empresa Automóviles Sigrás Carral, S.A. informou que, debido á actualización do IVE e a forte subida dos carburantes, do novo orzamento para o período de setembro a decembro deste ano 2012. Achega copia do orzamento por un importe total de 103.351,20 euros.

- Orde do 26 de setembro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2012. (Diario Oficial de Galicia número 188, de data do día 2 de outubro de 2012).

- Orde do 28 de setembro de 2012, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014. (Diario Oficial de Galicia número 191, de data do día 5 de outubro de 2012).

- Resolución do 27 de setembro de 2012, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se conceden as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitario dependentes desta consellería, para o curso académico 2011/12. (Diario Oficial de Galicia número 192, de data do día 8 de outubro de 2012).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación**

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto da resolución da súa área de data 8 de outubro do ano que andamos, respecto da contratación laboral temporal interina dun/dunha traballadora social motivada na baixa médica da traballadora social titular.

Respecto do expediente de “Humanización das rúas Celso Emilio Ferreiro, Parroco Cobas e Travesía da Igrexa”, propón a necesidade de facer un bando informativo para dar conta aos veciños das molestias que van a sufrir pola execución da obra na rúa Travesía da Igrexa.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

En relación co proxecto do mobiliario da casa da cultura, pon de manifesto a necesidade de voltar a insistirles ás arquitectas redactoras, para a súa entrega inmediata.

Advirte así mesmo, que é preciso acelerar a entrega ao departamento de contratación da documentación precisa para sacar a licitación o último dos proxectos do ARUME, consistente na subministración duns bancos na Praza Manuel Murguía, e da prantación de céspede en .CPI Graxal II, que se tramitará, polo seu importe como contrato menor.

Informa do envío das invitacións nos procedementos de contratación dun “Vehículo para a protección do medio, e prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco” para o servizo de protección civil municipal e do “Servizo de actividades educativas municipais, (curso 2012-2013)”, terminando o prazo para licitar (en ambos casos) o día 11/10/2012.

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto da proposta de acordo cos sindicatos relativo ao cumprimento do Real Decreto legislativo 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade, en canto que as baixas non sexan cubertas ao 100% ata o día 21. Informa que se acordou deixar o convenio como estaba, respectando o regulamento. Aprobarase por resolución da alcaldía e ratificarase no vindeiro pleno, se fose necesario.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que os pasados 6 e 7 de outubro tivo lugar a feira de oportunidade Templestock, sen incidencias de ningún tipo. Engade que terá unha reunión co presidente da asociación para os efectos de realizar o balance e di que a vindeira semana informará dos datos concretos respecto da publicidade, etc...

Don Felipe Andreu Barallobre informa que se fixo unha avaliación dos custos de persoal (en concreto dos conserxes durante a fin de semana), e máis das taxas que se deixaron de ingresar, e sinala que o importe ronda os 3.200 euros.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa respecto da necesaria reparación de dous pozos da rede de sumidoiros que tiveron problemas: un, na Arrigada, estrada da Estación, por problemas de retorno e o outro nos Campóns, cunhas arquetas que verten.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que esta semana se repoñerá o cable roubado.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o pasado fin de semana tiveron lugar diferentes actos, entre os que destaca o XXIII festival internacional de música de pulso e púa “Cidade de cristal”, as X xornadas castrexas, e o XIV aniversario da coral de Cambre. Engade que todos estes actos tiveron un grande éxito de participación.

Tamén informa que o prazo de recollida das obras que se presenten ao Certame de Pintura, tal e como se publica na páxina wen municipal, é do 15 ao 30 de outubro

Para finalizar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa respecto da primeira representación de Galicreques, do Consorcio das Mariñas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que hoxe día 8 de outubro ás 18,30 horas se inaugura a actividade “Escola de nais e pais” nos centros escolares. Engade que se incrementou considerablemente a participación, ao organizalo cos colexios.

Tamén informa que o pasado venres responsables de “Cruz Roja”, efectuaron a revisión do local destinado para esta institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, co fin de que fixeran suxestións para realizar a obra de adaptación deste local, entre as súas suxestións atópase que o espazo resulte diáfano, e os despachos acristalados.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Manuel Rivas Caridad



María Angeles Gutiérrez Sánchez